

GUILLERMO CARBAJO



LAURA MÍGUEZ



O PEQUENO PONI

PACO BEZERRA

CARTEL **ALEX SAMPAYO** ANIMACIÓNS **DAVID FIDALGO** CONSTRUCCIÓN **ESCENOSSET** AXTE. PRODUCCIÓN **RUBÉN PORTO**
DESEÑO ESCENOGRAFÍA **REDRUM** DESEÑO ILUMINACIÓN **CARLOS ÁLVAREZ-OSSORIO** ESPAZO SONORO **FERNANDO EPELDE** PRODUCCIÓN **REDRUM**
TEXTO **PACO BEZERRA** DIRECCIÓN **ALEX SAMPAYO**



cca
colaboración



O ESPECTÁCULO

O neno protagonista de *'O pequeno poni'* non é produto da ficción construída por Paco Bezerra. Luismi é un neno de carne e óso. Existe e ten, desgraciadamente, moitísimos nomes. En Carolina do Norte, no ano 2014, o pequeno Grayson Bruce de nove anos, non puido entrar na súa escola despois de sufrir ataques físicos e verbais por parte dos seus compañeiros por levar unha mochila da serie de televisión *'My little Pony'*. A dirección do centro considerouno "detonante de acoso" e acusou o menor de "disrupción na aula". Un mes antes, outro rapaz de once anos chamado Michael Morones sufriu un episodio similar por seguir a estes debuxos. Tentou suicidarse e durante sete anos sufriu danos cerebrais irreversibles pola falta de osíxeno antes de falecer. Sen pretendelo, a serie *'My little Pony'* converteuse nun dos maiores símbolos da loita contra o acoso escolar a nivel mundial.


O dramaturgo Paco Bezerra leu as historias destes dous rapaces e soubo que non podían quedar nun mero titular de xornal e creou un texto tan descarnado e real como imprescindible nunha sociedade que necesita profundar moito máis na loita contra o acoso escolar. *'O pequeno poni'* é un retrato sensato e necesario sobre o medo, a soidade, a inseguridade e iso denominado como a 'ditadura da maioría'. Un dos aspectos máis interesantes da obra creada por Bezerra é que aborda o acoso escolar desde o ámbito familiar.

Esta é unha obra sobre aceptar a diferenza do teu propio fillo. Que expón preguntas coma se o mundo é un lugar habitable para os diferentes, se o colexio é un lugar seguro para os nenos que son distintos, ou se o seu propio fogar é un lugar seguro para un rapaz que simplemente é distinto á maioría.

PACO BEZERRA - AUTOR

Paco Bezerra (Almería, 1978) viaxa a Madrid no ano 1997 para formarse en Interpretación no Laboratorio de Teatro William Layton e en Dramaturxia na Resad. Unha vez licenciado, trasládase a París onde comeza a escribir *"Dentro de la tierra"*, Premio Nacional de Literatura Dramática 2009, converténdose no único autor que consegue o galardón sen un texto estreado. Con todo, desde 2011 a súa obra estrea en dezasete países. Recibiu varios premios: o Calderón de la Barca (2007), accésit do Lope de Vega (2009), premio Eurodram (2014), premio GETEA de Buenos Aires (2018), e premio SGAE de Teatro Jardiel Poncela (2021), entre outros. Os seus textos traducíronse a unha decena de idiomas.

Na súa obra atopámonos cunha linguaxe poética, unha estrutura innovadora e unha nova forma de abordar os temas actuais. Bezerra ten a capacidade de crear atmosferas inquietantes entre o humor que destaca nas súas creacións. Utiliza a fala coloquial para crear a linguaxe conversacional dos seus personaxes. Pero á súa vez, as palabras pronunciadas por cada un deles suxiren máis do que aparentan.



GUILLERMO CARBAJO

"Un home con lentes de pasta" Redrum Teatro
"O mozo da última fila" Redrum Teatro
"Contos do Recreo" Redrum Teatro
"A Canción do Elefante" Redrum Teatro
"A Nena Que Quería Navegar" Redrum Teatro
"Noiteboa" Redrum Teatro

LAURA MÍGUEZ

"Un home con lentes de pasta" Redrum Teatro
"Resaca" IIMaquinario Teatro
"Perplexo" IIMaquinario Teatro
"O home almofada" IIMaquinario Teatro
"A Nena Que Quería Navegar" Redrum Teatro
"Roedores" Redrum Teatro

ALEX SAMPAYO - DIRECTOR

Comeza no teatro da man de Redrum cun texto da súa propia autoría, *"A Pensión"* (2009). Logo virían os musicais infantís *"Moito Conto"* (2011), *"Roedores"* (2014), *"A Nena Que Quería Navegar"* (2016) e *"Contos do Recreo"* (2018), estes tres últimos nomeados nos María Casares a Mellor Espectáculo Infantil. As comedias *"Curriculum Vitae"* (2012), *"Amor Flexible"* (2013) e *"Noiteboa"* (2015) polo que obtivo dobre nomeamento nos premios María Casares nas categorías de Mellor Dirección e Texto Orixinal. No ano 2017 estreou *"A Canción do Elefante"*, adaptación do texto *"Elephant Song"*, do canadense Nicolas Billon e no 2018 a comedia *"Estás aí?"*. No ano 2019 estreou *"IDIOTA"*, comedia negra de Jordi Casanovas; no 2020 *"O mozo da última fila"* de Juan Mayorga, no 2021 *"#2Pilgrims"* de Fernando Epelde e *"Un home con lentes de pasta"* tamén de Jordi Casanovas e no 2023 *"Hamelin"* de Juan Mayorga.

REDRUM TEATRO

Redrum Teatro somos unha empresa cultural adicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída no ano 2009. Dende a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo personal da compañía.

"A Pensión", 2009
"Moito Conto", 2011
"Curriculum Vitae", 2012
"Amor Flexible", 2013
"Roedores", 2014
"Noiteboa", 2015
"A Nena Que Quería Navegar", 2016
"A Canción do Elefante", 2017
"Estás aí?", 2018
"Contos do Recreo", 2018
"Invisibles", 2018
"IDIOTA", 2019
"O mozo da última fila", 2020
"#2Pilgrims", 2021
"Un home con lentes de pasta", 2022
"Hamelin", 2023

SINOPSE

Luismi é un neno de dez anos que vai a clase cunha mochila da súa serie de debuxos preferida, 'O meu pequeno poni'. Algo tan inocente esperta as burlas, vexacións e a violencia máis brutal dos seus compañeiros.

Esta é unha obra sobre o acoso escolar, esa dolorosa realidade na que viven atrapados cada vez máis nenos e nenas de todo o mundo; unha reflexión acerca da liberdade, o medo e o instinto de protección; un retrato da cegueira, a ineptitude e os prexuízos sociais dos adultos.

Esta obra está inspirada nos feitos reais que tiveron lugar en Estados Unidos durante o ano 2014.

ELENCO

Xaime *Guillermo Carbajo*
Irene *Laura Míguez*

FICHA ARTÍSTICA

Dirección e tradución	<i>Alex Sampayo</i>
Autor	<i>Paco Bezerra</i>
Axte. produción	<i>Rubén Porto</i>
Escenografía	<i>Redrum Teatro</i>
Construción	<i>Escenoset</i>
Iluminación	<i>Carlos Álvarez-Ossorio</i>
Espazo sonoro	<i>Fernando Epelde</i>
Animacións	<i>David Fidalgo</i>
Material promo	<i>Alex Sampayo</i>
Prensa	<i>Alberto Ramos</i>
Produción	<i>Redrum Teatro</i>
Distribución	<i>Guillermo Carbajo</i>

DATOS TÉCNICOS

Duración aprox 65 min

Fondo 6 metros
Ancho 7 metros
Alto 5 metros

Potencia luz 6.000 W
Potencia son 1.000 W

Adaptable a calquera espazo

REDRUM TEATRO

617.334.627 - 692.632.733 info@redrumteatro.com

www.redrumteatro.com